

O ARTIGO

1. Completa cos artigos correspondentes os espazos en branco:

- Colleu ___ bolsa máis pequena, pois ___ outras éranlle moi grandes.
- Puxo ___ cara de can que metía medo.
- Saíu ___ primeiro de entre toda a xente.
- Collín ___ libro ao chou do andel.
- ___ premio foi para ___ descoñecido.
- ___ auga estaba moi boa, aínda que sopraba ___ vento ben fresco.
- ___ praia ten ___ area moi fina.
- ___ amigos ___ rapaz viñeron buscalo á casa.
- Buscaron ___ máis baratos para ___ seu peto.
- Comen aquí ___ martes e ___ domingos ao ano.

2. Completa pondo as contraccións de artigo con preposición que cumbran:

- No mapa ___ illa sinálase onde está o tesouro ___ piratas.
- Contando ___ túa sorte xa podemos completar todos os datos ___ enigma.
- ___ Ancares colman as pallozas de xeito tradicional.
- Chegaron ___ noite xusto antes ___ cea e houbo que prepararlles a comida.
- Batéronlles ___ costas por non lles dar os cartos.
- Tomas o mel ___ culler
- ___ calor que vai, non saio ___ auga.
- Os legumes ___ horta teñen un sabor especial

3. Modifica as seguintes oracións, construídas coa conxunción “ca” seguida dos artigos “o”, “a”, “os” e “as” sen contraer, e fai que estas contraian.

Exemplo: Estiven máis tempo ca o teu irmán / *Estiven máis tempo **có** teu irmán*

- Fun ao cine menos días este verán ca o verán pasado.
- Fun ao cine menos días este verán ____ verán pasado.
- A televisión é máis divertida ca a escola.
- A televisión é máis divertida ____ escola.
- Sempre viaxa máis ca os seus pais.
- Sempre viaxa máis ____ seus pais.
- Nalgunhas ocasións preferiría estar menos ca o seu fillo no negocio familiar.
- Nalgunhas ocasións preferiría estar menos ____ seu fillo no negocio familiar.
- As obras de arte son máis caras ca as pequenas copias realizadas nos talleres.
- As obras de arte son máis caras ____ pequenas copias realizadas nos talleres.
- Sempre o vin máis contento ca a irmá.
- Sempre o vin máis contento ____ irmá.

4. As preposicións “con”, “de” e “en” contraen tanto co artigo determinado como co indeterminado. Fai estas contraccións seguindo o exemplo e substituíndo a contracción co artigo determinado pola que corresponda co artigo indeterminado.

Exemplo: *Teño unha cita coas amigas / Teño unha cita **cunhas** amigas.*

- Veño da excursión / Veño ____ excursión.
- Estou no descanso / Estou ____ descanso.
- Xutei co pé / Xutei ____ pé.
- Escribo coa man / Escribo ____ man.
- Saín cos familiares / Saín ____ familiares.
- Quedei cos amigos / Quedei ____ amigos.
- É membro da asociación / É membro ____ asociación.

- Deixei a carteira no coche / Deixei a carteira ____ coche.
- Teño bochas no pé / Teño bochas ____ pé.
- Estiven onte na festa / Estiven onte ____ festa.

5. A preposición “con”, cando contrae co artigo feminino “a(s)”, resulta ser “coa(s)”. Practica esta contracción no seguinte exercicio e lembra non confundila coa partícula comparativa “ca”, que pode contraer ou non co artigo, resultando “Ca a(s)” ou “Cá(s)”.

*Exemplo: Falaba mellor (*con as) coas amigas / Falaba mellor (ca as) cáas amigas.*

- Escribo mellor (*con a) ____ man esquerda.
- Escribo mellor (ca a) ____ filla do notario.
- Quedei (*con a) ____ amigas.
- Está máis alta (ca a) ____ irmá de Sofía.
- O meu fillo xoga (*con as) ____ túas sobriñas.
- O meu fillo xoga máis (ca as) ____ túas sobriñas.

6. A preposición “con”, cando contrae co artigo masculino “o(s)”, resulta ser “co(s)”. Practica con esta contracción no seguinte exercicio e lembra non confundila coa conxunción comparativa “ca”, que pode contraer ou non co artigo, resultando “Ca o(s)” ou “Có(s)”.

*Exemplo: Chegas antes (*con o) co coche / Chegas antes (ca o) có coche.*

- Escribo mellor (*con o) ____ bolígrafo.
- Escribo mellor (ca o) ____ teu fillo.
- Quedei (*con os) ____ amigos.
- Está máis alta (ca o) ____ fillo de Sofía.
- Estás mellor (*con os) ____ outros.
- Estás mellor (ca os) ____ outros.

7. Completa as seguintes oracións:

*Exemplo: Falaba mellor (*con as) coas amigas / Falaba mellor (ca as) cás amigas.*

- Escribo mellor (*con a) ____man esquerda.
- Escribe mellor (ca a) ____ filla do notario.
- Vigo é máis grande (ca A)____ Coruña
- Quedei (*con a) ____ amigas.
- Estivo (*con as)____ pernas enxesadas todo o mes.
- Estivo a piques de dar (*con a) ____ cabeza na rocha.

Lembra que as formas que van precedidas de asterisco () son incorrectas.*